

AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA

# CANTIGAS E AGARIMOS

[1921 - 2009]

88 a  
n  
o  
s

30 de Outubro  
ao 14 de Novembro  
2009

Recoñecemento público  
e Exposición fotográfica

Casa das Asociacións  
Concellaría de Participación Cidadá

Co obxectivo de redimensionar socialmente a participación cidadá como un factor indispensable para favorecer a identidade, a cohesión e a diversidade, a **Concellaría de Participación Cidadá** nos seus Espazos de Participación, ten deseñado diversos actos de recoñecemento público a entidades e composteláns cunha ampla traxectoria no eido do asociacionismo ou cuxo percorrido vital ou profesional deixara unha pegada no imaginario da nosa cidade.

Hoxe quere acompañar á Asociación "Cantigas e Agarimos" neste novo aniversario e agradecerlle polo seu traballo ao longo de 88 anos en Compostela.

## TRADICIÓN E ACTUALIDADE

Despois do malogrado intento da coral "Queixumes dos pinos" creada en 1917, que por mor da epidemia de gripe de 1918 non puido saír ao público, créase en 1920 -por iniciativa de Bernardo del Río Parada, Salvador Cabeza de León, Enrique S. Guerra e Camilo Díaz Baliño- a agrupación coral Cantigas e Agarimos. Inicialmente foi acollida nos locais do Centro Católico Obreiro de Santiago de Compostela e súa presentación ao público tivo lugar no Teatro Principal, o 29 de xullo de 1921, co gallo das Festas do Apóstolo, sendo, polo tanto, a máis nova das catro agrupacións históricas do folclore galego.

Coa chegada da dictadura franquista, Cantigas e Agarimos viuse na obriga de se encadrar na Obra Social de Educación e Descanso, e tomar o nome de Coral Gallega Rosalía de Castro. Non será ata 1954, dous anos despois da morte do seu primeiro director e fundador, Bernardo del Río, cando se logre a independencia da Obra Social de Educación e Descanso, e se recupere o nome fundacional de Cantigas e Agarimos.

Dende finais dos anos 70, Cantigas e Agarimos conta tamén cunha Escola de baile e música tradicional -Escola de Muíneira Cantigas e Agarimos-. Na década dos 70, funcionou basicamente como escola de baile e gaita coa finalidade de complementar as actividades do coro. Non será ata o ano 1981 no que a Escola colle un pulo renovado polo interese da Agrupación en transmitir os valores da nosa cultura tradicional e polo baleiro existente -daquela- neste tipo de ensino. A partir de aquí, a Escola pasa a ser concibida como un elemento esencial para garantir o futuro da Agrupación. A escola de Muíneira é a principal vía que Cantigas e Agarimos ten de transmitir a cultura tradicional galega ás novas xeracións. Conta con 5 seccións (baile, pandeirata, gaita, percusión e acordeón), así como o complemento de linguaxe musical, nas que se imparten clases ó longo do curso escolar e ás que asisten nenos/as e adultos procedentes de Santiago e comarca, así como de diferentes puntos de Galicia.

Nos seus máis de 30 anos de existencia, levan pasado polas súas diferentes seccións máis de 3.000 nenos e nenas; contando nos últimos dez anos cunha media de 150 alumnos/as por curso. Desde finais dos anos 80, ten acadado máis de 30 primeiros premios e máis de 20 segundos premios en diferentes concursos de baile e música tradicional.

Dende a súa fundación, pois, Cantigas e Agarimos vén traballando arreo na recuperación, conservación e transmisión dalgunhas das formas máis entrañables da nosa cultura tradicional, como son a cantiga, a música, o baile e os traxes populares; colaborando deste xeito, á consolidación da identidade cultural de Galicia.

A Agrupación Folclórica Cantigas e Agarimos é Medalla de Prata das cidades de Santiago de Compostela (1971) e Lorient (1977), Diploma ao Mérito Cultural e Artístico concedido polo Excmo. Concello de Santiago (1971) e Socio de Honra do Padroado Rosalía de Castro, Na actualidade a Agrupación Folclórica Cantigas e Agarimos de Santiago de Compostela está composta por máis de 90 membros.

## ACTUACIÓNS MÁIS DESTACADAS DOS ÚLTIMOS 20 ANOS

- 1988  
ACTUACIÓNS EN BARCELONA E LONDRES
- 1990  
XX FESTIVAL INTERCÉLTICO DE LORIENT
- 1992  
EXPO'92 [SEVILLA]  
ASEMBLEA DAS REXIÓNS DE EUROPA  
FESTIVAL INTERNACIONAL DE DANZA DE PINEDA DEMAR
- 1993  
XACOBEO '93
- 1995  
FESTIVAL INTERCÉLTICO DE MOAÑA
- 1997  
FESTIVAL INTERNACIONAL DE FOLCLORE [PAMPLONA]  
FESTIVAL ILLA TERCEIRA [AZORES - PORTUGAL]
- 1998  
XXVIII FESTIVAL INTERCÉLTICO DE LORIENT [BRETAÑA - FRANCIA]
- 1999  
XIRA A WALKALLAMA [XAPÓN]  
XIRA A EE.UU, ACTUACIÓN NA BIBLIOTECA DO CONGRESO DOS EEUU
- 2000  
FESTIVAL "ANDANÇAS 2000" [SAN PEDRO DO SUL - PORTUGAL]
- 2002  
XXII FESTIVAL INTERNACIONAL DE FOLCLORE DA CIDADE DE PORTO
- 2003  
FESTIVAL FOLCLÓRICO DE SESTAO
- 2005  
FESTIVAL DE MÚSICA TRADICIONAL TOXOS E XESTAS DE BARCELONA
- 2007  
CICLO " DANZA 3 " [XUNTA DE GALICIA]
- 2008  
CICLO " VAI DE CAMIÑO " [XUNTA DE GALICIA]  
CICLO " DANZA 3 " [XUNTA DE GALICIA]  
XXXVIII FESTIVAL INTERCÉLTICO DE LORIENT [BRETAÑA - FRANCIA]

## DIRECTORES ARTÍSTICOS

Coro: LOLI SANTOS ÁLVAREZ  
Baile: JAVIER SANMARTÍN LÓPEZ  
Pandeirata: ALEX ÍNSUA BALDOMIR  
Instrumental: RAMÓN MARIL CERQUIDES

